

Ironía e enumeración

Das afinidades do outono

ROMÁN RAÑA

Prosegue María do Cebreiro a súa fulgurante andadura poética iniciada en 1998 con *O estado do espello*, seguida polo frescor irreverente de *Nós, as inadaptadas* (2002), que culminou cos que coidamos libros luminosos no seu quefacer literario *Non queres que o poema te coñeza* (2004) e *O barrio das chinesas* (2005). Sobresaía neles a profundidade das vivencias, o ritmo prodixioso, a erudición aérea, o erotismo brillante. Ao ano seguinte a súa traxectoria iniciou un xiro con *Os Hemisferios*. O poema aparecía salpicado de fragmentos de conversas, de referencias situacionais diversas, diso que se podería denominar escenas. O libro que agora comentamos, *Cuarto de outono*, acentúa este xiro.

Efectivamente, tamén atopamos nel poemas escénicos (“Dous”, “Facémolo?”, “Nunca lle puxen letra a unha canción”), mais, nesta altura, aflora unha narratividade onde faísca a metáfora: “De pequenos pensamos/que todas as persoas/teñen a mesma idade./Praza de Abastos,/pórtico do medo./Un coágulo de ira/na bata da señora.”

Narratividade que se dilata en “Itxita (Fecha-do)”, “Alto o fogo (Gudari)” e que, noutras ocasións, termina con desvíos irónicos “Un aire de familia”. Ironía, burla de si mesma e dos demais case sempre irrom-



pendo no final das pezas como bengala súbita (“Eu nunca”, “Nit del foc”). Finais onde non falta a confesión feridora: “As cidades son grandes./Permítenme chorar.”

Ironía, descuberta da afinidade secreta das cousas máis dispares e inconexas do orbe. Todo isto conflúe noutra figura querida pola autora: a enumeración, que aparece en “Correspondencias (1)”, “E estas foron algunhas das palabras...”, “Some answers to the last poem on late capitalism”.

A ironía, ese recurso paradoxal para denunciar o noso asombro ante o mundo e a vida, achámola nas citacións librescas que inundan o poemario. Citacións transfiguradas, como xa fixera Manuel Vilanova en *E direivos eu do mister das cobras* e que en María do Cebreiro serven para enfiar ese cuarto íntimo do outono, onde crepita o amor ou a tenrura: “Do non ao si, vestidos/e dedos entre o pelo/e a paixón de sorrir para mañá.”

CEBREIRO, María do, *Cuarto de outono*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 121 páxinas.